

O pantalón de Pepe



Le e contesta as preguntas:

Lois e Pepe son veciños e son moi bos amigos. Van ao mesmo colexio e aínda que non comparten clase, sempre están xuntos.

Lois ten seis anos e Pepe ten sete.

Lois atopa a Pepe no patio da escola, mírao de pés a cabeza e dille:

-Ola Pepe, tes unha mancha de zume no pantalón!

-Que vou facer agora! Contestou Pepe.

Pepe botou as mans á cabeza! A súa nai lembráralle que tivera coidado coa merenda!



1. Que son Lois e Pepe?
2. Cantos anos teñen?
3. Onde se atopan?
4. Que lle di Lois a Pepe?
5. En que momento do día sucede a conversa?